



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DATA 11 de febreiro de 2019**

Sras./Sres. Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 11 de febreiro de 2019 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 04/02/2019, que se aprobou por unanimidade.

**ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

**PRP2019/734**

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 11 de febreiro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 11 de febreiro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

**a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
ANIDO HERRANZ, MARÍA	35471452R	2.121,61 €	11/02/2019	SÍ
AROUSA HERMANOS GONGAL, S.L.	B94178514	250,00 €	11/02/2019	SÍ
ASOC. CUL. N. S. XUNQUEIRA	G36160430	300,00 €	11/02/2019	SÍ
ASOC. MUSICAL AROUSA BAY	G94102480	350,00 €	11/02/2019	SÍ
CASTROMAN I, S.L.	B36406650	206,61 €	11/02/2019	SÍ
D.S. SALGADO, S.L.	B36263861	768,45 €	11/02/2019	SÍ
ESTAMPACIONES CASADO, S.L.	B140553854	3.945,81 €	11/02/2019	SÍ
IBERICAR GESTOSO, S.L.	B36193597	7.317,40 €	11/02/2019	SÍ
KARPA PRODUCCIONES, S.L.	B36454536	544,50 €	11/02/2019	SÍ
KILOVATIO GALICIA, S.A.U.	A15051089	935,06 €	11/02/2019	SÍ
MUSICOS AO VIVO, S.C.G.	F27843200	1.452,00 €	11/02/2019	SÍ
NAUTICA MEDUSA S.L.	B36595288	2.140,49 €	11/02/2019	SÍ



OZORES NUÑEZ, M. NIEVES	35443149B	227,48 €	11/02/2019	SÍ
PAPERSTORE, S.L.	B70409149	201,90 €	11/02/2019	SÍ
PAZ DISMAC, S.L.	B36062180	103,87 €	11/02/2019	SÍ
PIÑEIRO MEIXUS, LUIS	35470036B	6.050,00 €	11/02/2019	SÍ
RODRIGUEZ CUIÑA, TERESA	35441551T	2.160,00 €	11/02/2019	SÍ
SERMAGAL MAQUINARIA, S.L.	B36570596	325,13 €	11/02/2019	SÍ
TEIMAS DESENVOLVEMENTO, S.L.	B70179973	17.097,30 €	11/02/2019	SÍ
TELESERV. INSTAL. OFIC.,SL	B36365369	229,39 €	11/02/2019	SÍ
VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.	B36213460	3.564,00 €	11/02/2019	SÍ

**b)** Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/676**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Semagal Maquinaria SL** para o subministro de un SYSTAINER para tornillería festool + un SYSTAINER con suplemento interior, para a súa reposición no departamento de carpintería, por un importe total de 325,13 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/677**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Luis Piñeiro Meixus** para o aluguer de máquina mixta con cazos e camión dumper 3 eixos, por acumulación de tarefas no Departamento de obras, po un importe total de 6.050,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.203, coa seguinte desagregación:

- Máquina mixta: 100 horas a 30 €/hora (máis IVE)
- Camión: 50 horas a 40 €/hora (máis IVE)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/679**

Dáse conta de escrito presentado por CD Fincas SL, en representación de **CP Bosque Desamparados 24**, de queixas por incumprimento da ordenanza municipal con respecto ás mascotas nos arredores do edificio, deixando os soportais, entrada ó Centro de día e demais arredores con excrementos e ouriñes de cans sen limpar e solicitan a adopción de medidas.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que puxeron en coñecemento da veciñanza que no caso de presenciar o incumprimento da normativa fagan uso de denuncia voluntaria á Policía Local co fin de poder identificar ao animal e dono que provoca a situación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e comunícalles que deberán avisar á Policía cando se produzan os feitos denunciados.

Así mesmo dáse conta a CESPAA para que procedan á realización dunha limpeza no lugar.

#### **PRP2019/682**



Vista a proposta do Servizo de parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Viveros O Piñeiro SL** para o subministro de diversas árbores (1 Acer para Doutor Fleming; 2 Aligustre para Alameda de Carril e 1 Camelio para O Gato Negro) por un importe total de 3.564,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22109, coa finalidade de substituír palmeiras afectadas polo escarabello picudo.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/683**

Dáse conta do escrito remitido pola Dirección do **CEIP A Escardia**, solicitando autorización municipal para instalar uns carteis en 3 zonas de influencia do citado centro escolar: Parque Miguel Hernández, Parque de Ravela e Parque dos Duráns, con motivo da celebración do Día da Paz e non violencia.

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica que por parte do profesorado do Centro se vai a valorar a opción de colocar os traballos nas zonas indicadas, nunha especie de guiraldas de árbore a árbore ou semellante, e a decisión que adopten a poñerán en coñecemento do Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/684**

Vista a proposta da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos para o subministro de material non inventariable por un importe total de 305,77 € (IVE incluído), con cargo á partida 931.22000:

- **PAZ DISMAC SL**, subministro de unha calculadora-impresora Casio FR-620RE, por importe de 103,87 €

- **PAPERSTORE SL** subministro de grampadora eléctrica Rapid 5025, por importe de 201,90 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/685**

Dáse conta do escrito da **Dirección Xeral de Mobilidade** remitindo información relativa ás paradas de autobús escolar autorizadas no Concello de Vilagarcía de Arousa, achegando un listado coas paradas correspondentes aos contratos de transporte escolar da Consellería de Educación e ás paradas dos contratos nos que están integradas coas liñas de transportes de viaxeiros de uso xeral.

Dáse conta de escritos presentados por D. Julio Reiris Pérez, e a Presidenta da **ANPA Casanova do CEIP Rubiáns** en relación coa situación das paradas de autobús e pasos de peóns na Avda. de Rubiáns 16-18.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda solicitar ao Ministerio de Fomento (Unidade de Estradas do Estado en Pontevedra), titular da vía, e á Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en Pontevedra, organismo competente en materia de transporte, a correspondente autorización para o pintado por parte do Concello das paradas de transporte escolar e de uso xeral existentes na Avda. de Pontevedra.

#### **PRP2019/686**



Dáse conta do escrito presentado por **D. Joaquín Couso Durán** solicitando a sinalización dunha praza reservada para o estacionamento de vehículos para persoas con discapacidade próxima ao seu domicilio.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno local acorda que se proceda á sinalización dunha praza reservada para o estacionamento de vehículos para persoas con discapacidade fronte ao nº 1 da Rúa Fermín Bouza Brey, intersección coa Rúa Camilo José Cela, por considerar o lugar máis axeitado para a mesma.

Dar conta ao Servizo da Policía Local e Servizo de Sinalización (Mario Vázquez).

#### **PRP2019/687**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Silvia Covelo, en representación da **Comunidade de Propietarios Almirante Fontán nº 8**, en relación con estacionamento indebidos na citada Rúa.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha zona de manobras ao final da Rúa, con carácter provisional e sinalización de liña amarela ao fondo.

Así mesmo acórdase comunicar que posteriormente realizarase polo Concello unha actuación na parcela de titularidade pública onde se atopaba a estrutura de formigón que foi recentemente demolida pola Empresa Sergonsa Servicios, S.L., que resultou adxudicataria do procedemento de licitación levado a cabo polo Concello no ano 2018.

Dar conta ao Servizo de Policía Local e Servizo de Sinalización (Mario Vázquez).

#### **PRP2019/688**

Vista a proposta da Policía Local e co fin de levar a cabo a mellora de sinalización de limitación de velocidade e sinais de anuncio nas vías urbanas de titularidade municipal, da realización dos controis de velocidade frecuentes, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Estampaciones Casado SL** para subministro de material, por un importe total de 3.945,81 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.62500:

- 19 Paneis 600x900 mm REFLECT. N-III FLUOR
- 14 Postes 80x40x2 mm a 3,5 mH
- 15 Sinais circulares 600 mmØ REFLECT. N-1
- 15 Postes 80x40x2mm a 3 mH

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/758**

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Antonio Alcalde García, en representación de **Consello Regulador Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia**, solicitando autorización para instalar unha food track o día 19 de febreiro de 2019 na Praza de Galicia para promocionar o Mexillón de Galicia.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para a instalación do vehículo o día 19 de febreiro na Praza da II República ou nas inmediacións do Mercado, e no caso da Praza de Galicia concédese autorización para realizar a actividade sen vehículo, e debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.



- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**O presente acordo substitúe ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xaneiro de 2019 para a mesma actividade.**

## **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

### **Emprego**

#### **PRP2019/698**

Vista a proposta do Concelleiro de Promoción Económica e da Directora do Obradoiro de Emprego “Forme 18 Concello de Vilagarcía”, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Teresa Rodríguez Cuíña**, por un importe total de 2.160,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2412.22799, para a realización do módulo formativo de Inglés Profesional para Turismo, de 90 horas, para a especialidade de Promoción Turística Local do citado Obradoiro de Emprego.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/699**

Vista a proposta do Director do Obradoiro de Emprego Labora Xoven 2018, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Náutica Medusa SL**, por un importe total de 2.140,49 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199, para o subministro de EPIs para o módulo de Socorrismo:

- Traxe de neopreno Beuchat crawl 200 4, 3, 2 mm: 8 ud.
- Aletas clio: 9 ud
- Capuchas neopreno: 9 ud.
- Escarpíns neopreno Ultrastrech 2 mm: 9 ud.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/701**

Dáse conta da presentación, por parte de **Kamea Single SL**, da documentación requirida aos efectos do aboamento do importe do premio que lle foi concedido polo Xurado do I Concurso de Decoración do Nadal do Comercio e Hostalería, conforme ao acordo de Xunta de goberno Local de 21 de xaneiro de 2019, de recoñecemento da obriga por importe de 595,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/702**





Dáse conta da presentación, por parte de **D. Martín Vázquez Blanco (DIURNO)**, da documentación requirida aos efectos do aboamento do importe do premio que lle foi concedido polo Xurado do I Concurso de Decoración do Nadal do Comercio e Hostalería, conforme ao acordo de Xunta de goberno Local de 21 de xaneiro de 2019, de recoñecemento da obriga por importe de 595,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/703**

Dáse conta da presentación, por parte de **Dona Yolanda Fabello Rivas**, da documentación requirida aos efectos do aboamento do importe do premio que lle foi concedido polo Xurado do I Concurso de Decoración do Nadal do Comercio e Hostalería, conforme ao acordo de Xunta de goberno Local de 21 de xaneiro de 2019, de recoñecemento da obriga por importe de 595,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **Educación**

#### **PRP2019/704**

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as normas que rexerán a selección dos premios anuais ós/as mellores lectores/as-usuarios/as do servizo de préstamo a domicilio da rede municipal de bibliotecas do Concello (Biblioteca Pública Municipal e Axencias de Lectura de Carril, Bamio e Vilaxoán), dirixidos a usuarios/as de idades comprendidas entre 6 e 12 anos, inclusive.

Os/as premiados/as recibirán un lote de libros adaptado ás distintas idades, así como un diploma acreditativo.

#### **PRP2019/705**

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Teleservicio Instalaciones de Oficina SL** para o subministro dunha bandexa para teclado de ordenador, por un importe total de 54,45 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22000.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **Sanidade**

#### **PRP2019/706**

Dáse conta da solicitude de **D. Daniel Ramil Díaz**, titular da licenza municipal de auto-taxi (con taxímetro) nº 15, para substituír o vehículo adscrito ó servizo, matrícula 8561HBF, polo de nova adquisición, matrícula 5847KRP.

Dado que a documentación presentada, cumpre os requisitos esixidos no art. 21 do vixente Regulamento Municipal dos Servizos Urbanos de Transportes en automóbiles lixeiros, e de conformidade co disposto nos artigos 22 e 25.1 do devandito regulamento, acórdase aprobar a proposta de resolución da substitución solicitada, polo vehículo de cinco prazas, cor branca, marca Toyota, Modelo AURIS, con 12.49 CV e nº de bastidor SB1ZS3J3203467358.

A comprobación de que o vehículo reúne os requisitos mínimos regulamentariamente esixidos deberá realizarse pola Policía Local, con carácter previo á súa posta en servizo.



#### **PRP2019/707**

Dáse conta da solicitude de **D. Juan José Bouzas Santos**, titular da licenza municipal de auto-taxi nº 31, para substituír o vehículo adscrito ó servizo, matrícula 0226GCT, polo de nova adquisición, matrícula 1206KSN.

Dado que a documentación presentada, cumpre os requisitos esixidos no art. 21 do vixente Regulamento Municipal dos Servizos Urbanos de Transportes en automóbiles lixeiros, e de conformidade co disposto nos artigos 22 e 25.1 do devandito regulamento, acórdase aprobar a proposta de resolución da substitución solicitada, polo vehículo de cinco prazas, cor branca, marca FIAT, Modelo TIPO, con 10.04 CV e nº de bastidor ZFA35600006M33152.

A comprobación de que o vehículo reúne os requisitos mínimos regulamentariamente esixidos deberá realizarse pola Policía Local, con carácter previo á súa posta en servizo.

#### **PRP2019/708**

Dáse conta da solicitude de **D. Juan manuel Jueguen Lorenzo**, titular da licenza municipal de auto-taxi nº 10, para substituír o vehículo adscrito ó servizo, matrícula 8370GWX, polo de nova adquisición, matrícula 9610KSK.

Dado que a documentación presentada, cumpre os requisitos esixidos no art. 21 do vixente Regulamento Municipal dos Servizos Urbanos de Transportes en automóbiles lixeiros, e de conformidade co disposto nos artigos 22 e 25.1 do devandito regulamento, acórdase aprobar a proposta de resolución da substitución solicitada, polo vehículo de cinco prazas, cor branca, marca DACIA, Modelo LODGY, con 11.02 CV e nº de bastidor UU1JSDE9861101835.

A comprobación de que o vehículo reúne os requisitos mínimos regulamentariamente esixidos deberá realizarse pola Policía Local, con carácter previo á súa posta en servizo.

### **Mercados**

#### **PRP2019/709**

Dáse conta de escrito de **Dona Maria Josefa Vicente Buendía**, solicitando a baixa na reserva dos postos 69 e 74 do mercado semanal de Vilagarcía de Arousa, con data 31 de decembro de 2018.

Visto o informe do Servizo de mercados, e de conformidade co establecido no artigo 14, apartado d) do Regulamento Municipal de Venda Ambulante, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado e proceder á baixa no Padrón de Mercados, con efectos de 31 de decembro de 2018.

### **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

#### **Medio Ambiente**

#### **PRP2019/716**

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente e co fin de continuar coa campaña de concienciación ambiental, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Teimas Desenvolvemento, S.L.** a continuidade da citada campaña durante o ano 2019 (Tropaverde Vilagarcía 2019), de conformidade coa proposta presentada, por un importe total de 17.097,30 € (IVE incluído), a pagar en 10 mensualidades, con cargo á partida 170.22799, coa realización dunha serie de accións consistentes en actividades de control, seguimento, monitorización, difusión e extensión da campaña e unhas accións in situ que poderían consistir en accións na rúa ou charlas de educación ambiental en centros educativos.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



#### **PRP2019/718**

Dáse conta do requirimento por parte de **ADEAC, Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor**, asociación responsable do desenvolvemento en España do Programa de Bandeira Azul no que se recollen varios criterios imperativos que e necesario cumprir para participar na próxima campaña.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Policía Local e Comité de Praias aos efectos oportunos.

### **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

#### **Muller e persoas maiores**

##### **PRP2019/710**

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a incorporación ao orzamento da Área de Igualdade-CIM da cantidade de 23.530,35 € asignada ao Concello de Vilagarcía dentro do Pacto de Estado contra a violencia de Xénero, co fin de poder iniciar accións encamiñadas a cumprir coas medidas do citado Pacto de Estado e que se leve a cabo a xeración de crédito correspondente.

Acórdase así mesmo a creación dunha Mesa de Traballo contra a violencia, na que poidan estar presentes distintas áreas municipais que poidan ter relación co tema, coordinadas pola Área de Igualdade.

##### **PRP2019/711**

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e orzamento para a realización do XI Maratón Fotográfica pola Igualdade, un importe total de 1.015,25 €, coa seguinte desagregación:

- Premios: 600,00 € (3 premios de 200,00 € cada un), con cargo á partida 2312.48100.
- **Arousa Hermanos Gongal SL**, polo servizo de cátering para unha estimación de 25 persoas: 250,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22799.
- **M. Nieves Ozores Núñez**, polo subministro de 200 ud de cinta identificativa, por un importe de 227,48 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **Consumo**

##### **PRP2019/712**

Dáse conta da Sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº3 de Pontevedra, pola que se desestima o recurso presentado por **Dona María Asunción Jaureguizar Azarola** e motivado pola reclamación de responsabilidade patrimonial presentada como consecuencia dunha caída o día 17 de marzo de 2016, debido a unha baldosa que sobresaía na Rúa Rivero de Aguilar.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, da sentenza desestimatoria das pretensións da Sra. Jaureguizar Azarola.

##### **PRP2019/713**

Dáse conta da reclamación formulada por Dona Maria José Recuña Cuiña, en representación de **D. Jorge Abalo Cores**, polos danos sufridos o día 10 de marzo de 2018, cando segundo





a súa manifestación, un farol de formigón de alumeado público se desprende e causa danos no vehículo matrícula 0126BVD, que se atopaba estacionado no Camiño do Viñal nº 9 e vista tamén a reclamación formulada por D. Jorge Abalo Cores, baixo a dirección letrada do despacho profesional Lago e Lago Asociados, polos danos ocasionados polos mesmos feitos no vehículo matrícula 0067BNB.

Vistos os informes de Mutua General de Seguros de 30 de agosto de 2018 e do Xefe do Servizo de Alumeado, de data 30 de outubro de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda estimar as dúas reclamacións que ascenden a 937,29 € polos danos no vehículo 0126BVD e 313,73 € polos danos no vehículo 0067BNB e en consecuencia:

O recoñecemento de obrigación a favor de D. Jorge Abalo Cores, na contía de 600,00 € en concepto de franquía establecida na póliza de seguros formalizada con Mutua General de Seguros, con cargo á partida 929.22699.

Comunicar a Mutua General de Seguros que deberá aboar ao reclamante o importe restante que ascende a 651,02 €.

#### **PRP2019/714**

Dáse conta da reclamación formulada por **D. Fidel Rodríguez Padín**, polos presuntos danos sufridos o día 13 de novembro de 2018, cando segundo a súa manifestación, operarios municipais realizando labores de desbroce, rompen un cristal da súa vivenda, situada en rúa do Xogo nº 14.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda estimar a devandita reclamación, e o recoñecemento de obrigación a favor de D. Fidel Rodríguez Padín polo importe de 94,38 €, con cargo á partida 929.22699.

### **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2019/719**

Vista a solicitude de D. Juan Gaisse Fariña, en representación de Despacho **Rodríguez y Asociados SLP Abogados**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal o día 7 de marzo de 2019, en horario de 19:00 a 21:00 horas para impartir unha sesión informativa para afectados pola compra de accións do Banco Popular, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa e acreditar o pago das taxas antes da realización da actividade:

- Sala de Conferencias: 2 h x 15,25 €/h = 30,50 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

#### **PRP2019/720**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a celebración dun Concerto a cargo de Son Trío co programa *Miña almiña*, e aluguer de



material de luz e son no Salón García, o día 23 de febreiro de 2019, coa seguinte desagregación:

- **Músicos ao Vivo, S.Coop. galega: (Son Trío)**, por un importe total de 1.452,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22609.

- **Karpa Producciones SL**, por un importe total de 544,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.203 polo aluguer de material de reforzo son/luz e técnico de son/luz para o concerto.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/721**

Vista a solicitude de Dona Carolin González Seabra, en representación de **Productora Faro SA**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal o día 28 de febreiro de 2019, en horario de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas, para a realización dun casting para o Concurso TI VERÁS de emisión na TVG, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa e acreditar o pago das taxas antes da realización da actividade:

- Sala de Conferencias do Auditorio: 8 h. x 15,25 €/h. = 122,00 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

#### **PRP2019/722**

Vista a solicitude de Dona María Covadonga Salgado Blanco, en representación de **Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio (INTECMAR)**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 3 de abril de 2019, en horario de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas, para a celebración dun taller rexional, dirixido ao sector produtor, á administración e aos centros académicos e de investigación para divulgar o proxecto e afianzar o grupo de traballo rexional do proxecto Alertox-net, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios



segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2019/723**

Vista a solicitude de D. José Artiaga Barreira, en representación de **Fundación Artiaga**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería os días 22, 23 e 24 de febreiro de 2019, durante todo o día, para a celebración de mercados solidarios MercArt do programa ANN, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

